



# John Cage: Sonatas e interludios (1946-48)

## Introducción

---

As 16 Sonatas e 4 Interludios para piano preparado foron compostos durante os anos 1946 ó 1948 e as súas características máis salientables son:




**1-A inspiración no Hinduísmo.** Cage tiña lido o libro "A danza de Shiva" que escribira no 1924 o indio Coomaraswamy e no que se explicaban os 9 estados de ánimo ou humores (*rasas*) do Hinduísmo tradicional:

- 4 *Luminosos*: Erótico, heroico, maravilloso, e cómico.
- 4 *Escuros*: Odioso, furioso, temeroso e doente.

O noveno é a calma, o equilibrio, a tranquilidade, e xurde da síntese dos anteriores. Xa no hinduísmo tradicional se recolle que cada nota é a representación dun estado, pero parece que a intención de Cage era representar os 8 principais nas sonatas e o noveno cos interludios. De tódolos xeitos o autor nunca o explicou.

**2-A preparación do piano.** No 1940 Cage quería facer música para Ballet empregando un ensemble de percusión, pero tiña o serio problema de que non terían espacio dabondo para tanto instrumento. Entón pensou en modificar o son do piano metendo obxectos entre as cordas para facelo máis percusivo. E así xurdiu a primeira música para piano preparado no 1940: *Bacchanale*.




Nas sonatas e interludios mete parafusos, ozcas e anacos de goma ou plástico entre as cordas, conseguindo sonoridades que lembran ós gamelán (conxuntos de percusión da polinesia). E tamén os pedais do piano son empregados para modificar os sons durante a interpretación.

	SCREW	1-2	10	BOLT	2-3	7/8			C
	(BASIC (6=6))	1-2-3	2 5/6	BOLT	2-3	2			B
	PLASTIC (OVER-UNDER)	1-2-3	2 7/8	SCREW	2-3	1	RUBBER	1-2-3	B <sup>b</sup>
	(PLASTIC (6= D))	1-2-3	4 1/4				RUBBER	1-2-3	G <sup>#</sup>
	PLASTIC (OVER-UNDER)	1-2-3	4 3/8				RUBBER	1-2-3	G
		1-2-3	4 3/8				RUBBER	1-2-3	D <sup>#</sup>
	BOLT	1-2	15 1/2	BOLT	2-3	1/6	RUBBER	1-2-3	D
	BOLT	1-2	14 1/2	BOLT	2-3	7/8	RUBBER	1-2-3	D <sup>b</sup>
	BOLT	1-2	14 3/4	BOLT	2-3	9/6	RUBBER	1-2-3	C
	RUBBER	1-2-3	9 1/2	MED. BOLT	2-3	10 1/8	RUBBER	1-2-3	B
									B <sup>b</sup>


Detalle das instrucións

Para preparar o piano Cage deixou unhas instrucións nas que detalla o lugar de cada corda onde ten que poñerse cada obxecto, e o proceso pode levar varias horas. Aínda que en moitas obras Cage inventara notacións particulares ou mesmo tan só instrucións escritas, neste caso a partitura ven anotada dun xeito convencional; pero ollo: os sons conseguidos non gardan relación algunha coas notas escritas.



**3-A ruptura co tradicionalismo.** Nestas pezas non hai unha harmonía ou melodía a escoitar nun sentido clásico. Na súa forma ou estrutura interna tampouco gardan relación co que entendían Beethoven ou Mozart por sonatas. Curiosamente teñen máis en común con esquemas usuais no Barroco (anterior a estes compositores).

Por exemplo, a sonata V ten unha forma AABB, similar á que empregaba Scarlatti nas súas pezas para clave. Pero ademais xa se pode intuír nesta obra o que sería o seguinte paso do compositor: o *indeterminismo*. Por exemplo, a preparación do piano non resulta idéntica en cada concerto; é dicir, hai posibilidades abertas ó azar.



Etiquetar a un autor é sempre unha aproximación groseira. O mesmo Cage explicaba a diferenza entre os tres termos con que ás veces nos referimos a este tipo de composicións:

*Chance* é a utilización do azar na hora de compoñer a música, *Indeterminacy* fai referencia a distintas posibilidades de execución, e *Aleatory* son as dúas cousas ó mesmo tempo: o azar como procedemento compositivo e máis a plasticidade na execución (e mesmo hai quen fala de aleatoriedade controlada).

for Carmen with best wishes for your  
life and your studio of music

John Cage in Madrid Nov. 9, '91

## Ilustracións:

*nº1 Fotografía de John Cage*

[http://www.emazine.com/infoage/lectures/music/john\\_cage.html](http://www.emazine.com/infoage/lectures/music/john_cage.html)

*nº2 Boynick, M. (The Classical Music Pages) Fotografía de John Cage* <http://w3.rz-berlin.mpg.de/cmp/>

*nº3 Detalle das instrucións incluídas na partitura.*

*nº4 Abel Dueñas: Nicasio Gradaille preparando un piano no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.*

*nº5 Páxina do Concerto para piano e orquestra de Cage*

[http://www.emazine.com/infoage/lectures/music/john\\_cage.html](http://www.emazine.com/infoage/lectures/music/john_cage.html)

*nº5b Dedicatoria de Cage nunha partitura de Bach a María del Carmen Fernández Vilar (estudiante de piano naqueles anos), durante unha estancia en Madrid no 1991.*

## Bibliografía:

Aulestia, G.: *Técnicas compositivas del siglo XX (I)*, Madrid, Alpuerto, 1998.

Morgan, R.: *La Música del Siglo XX*, Madrid, Akal, 1999.

Dupuy, Jean-Pierre: Prólogo para a edición da partitura de "Casa da parra".


Solomon, L.: *4'33"* <http://music.research.home.att.net/4min33se.htm> (Visitado en outubro do 2004).

Grupo de traballo da CIUG para Historia da Música:

<http://www.cesga.es/ciug/grupostraballo/musica/musica.html> (Visitado en xullo do 2004).

Pritchett, J.: <http://www.music.princeton.edu/~jwp/texts/sixviews.html> (Visitado en xullo do 2004).

# Biografía



Nado en Os Anxeles (California) no 1912, logo de viaxar por Europa estudou con profesores tan destacados como Schoenberg ou Varese, quen influiría dun xeito decisivo nel. Xa fixera as súas primeiras tentativas na composición antes de trasladarse a Seattle no 1937, onde organiza unha orquestra de percusión (cousa que repetirá logo en outras cidades norteamericanas ata ficar no 1942 en Nova York).

I  
TACET

II  
TACET

III  
TACET

NOTE: The title of this work is the total length in minutes and seconds of its performance. At Woodstock, N.Y., August 29, 1952, the title was 4' 33" and the three parts were 33", 2' 40", and 1' 20". It was performed by David Tudor, pianist, who indicated the beginnings of parts by closing, the endings by opening, the keyboard lid. However, the work may be performed by an instrumentalist or combination of instrumentalists and last any length of time.

FOR IRWIN KREMEN

JOHN CAGE

Copyright © 1960 by Henmar Press Inc., 373 Park Avenue South, New York, N.Y. 10016, U.S.A.

Naqueles primeiros anos xa tiña compostas pezas para percusión nas que empregaba, por exemplo, latas de estaño, pero a súa orixinalidade na procura de novos sons ía máis aló: xiradiscos, osciladores, zumbadores e outros aparellos eléctricos; e xa na década dos 40, o piano preparado, coincidindo co estudio das filosofías orientais, especialmente o Budismo Zen e o Hinduísmo.

En 1943 inicia a súa colaboración co coreógrafo Merce Cunningham.

Nos anos 50 podemos dicir que chega ó que se deu en coñecer como indeterminismo, froito dunha longa evolución e reflexión sobre a creación musical. Quizais a primeira obra representante deste xeito de pensar fora *Music of changes* (1951), baseada nas cartas de navegación do libro chino *I Ching* e guindando moedas. E desde logo, a polémica obra *4'33"* é a consecuencia última deste proceso evolutivo: 4 minutos e 33 segundos nos que o pianista non toca unha soa nota. ¿Como se explica iso?.

Ben, Cage dicía que o silencio é tan importante como os sons, e daquela pódese entender coma unha homenaxe á ausencia de son. Pero ademais o autor quería poñer en primeiro plano todos os sons que normalmente non forman parte do concerto: as toses do público, as risas, as conversas...

Na década dos 60, continúa a exploración das posibilidades do azar e o indeterminismo, das notacións non convencionais e da electrónica, chegando a interesarse mesmo polos efectos de luz. Deste xeito aproxímase ó "Happening" ou representación artística típica daqueles anos (de feito, xa no 1952 fixera un evento teatral nesa liña).

Por estes anos coñece a Yoko Ono, coa que comparte o seu interese pola filosofía oriental. Os dous serían membros destacados do movemento vangardista "Fluxus".



Se Cage xa era o americano máis influente desde os anos 50 polas súas composicións, nesta década publica os que quizais sexan os seus libros máis destacados sobre creación musical: *Silence* (1961) e *Notations* (1969).



Nos vindeiros anos ademais de seguir a compoñer e escribir, interésase pola pintura. De entre todos os premios e recoñecementos internacionais que recibira, aínda no 1986 recibe o doctorado *honoris causa* do Instituto Californiano para as artes e no 1989 o premio Kyoto da fundación *Inamori*.

Cage morrería en Nova York no verán do 1992.

## Ilustracións:

nº6 Cunningham Dance Foundation-October Films-Kultur Video: *Cage/Cunningham*  
(Documental sobre a colaboración entre o músico e o coreógrafo)  
<http://www.williamsdp.com/docu.html>

nº7 Sarmiento, J. (ed.) para a Universidade de Castilla-La Mancha: *Partitura de 4'33"*  
<http://www.uclm.es/artesonoro/olobo3/Fetterman/Variaciones.html>.

nº8 Sarmiento, J. (ed.) para a Universidade de Castilla-La Mancha: *Yoko Ono*  
<http://www.uclm.es/artesonoro/yoko/html/soprano.html>.

nº9 John Cage: *11 stones* (1989) Crown Point Press Archive-Fine Arts Museums of San Francisco  
<http://www.thinker.org/index.asp>

## Bibliografía:

Sadie, S. (Ed.): *The Grove Concise Dictionary of Music*, Londres, Macmillan Press Ltd.

Pérez, Mariano: *Diccionario de la música y los músicos*, Madrid, Ediciones Itsmo, 2000.

Dupuy, Jean-Pierre: Prólogo para a edición da partitura de "Casa da parra".

Lovely Music Ltd. (Nova York): <http://www.lovely.com/bios/cage.html> (Visitado en outubro do 2004).

Pritchett, J.: <http://www.music.princeton.edu/~jwp/texts/sixviews.html> (Visitado en xullo do 2004).

# Textos complementarios

---

## As "performances" e o movemento "Fluxus".

 *O documento dispoñible é un extracto do orixinal.*

Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega: *Anuario galego de estudos teatrais 2001*. [http://www.consellodacultura.org/mediateca/publicacions/anuario\\_teatro.htm](http://www.consellodacultura.org/mediateca/publicacions/anuario_teatro.htm) (Visitado en outubro do 2004).

 Archivo Pdf (106 KB)

## Preparación de pianos.

 *O documento está en Inglés.*

Ovens, Tim: *The Sound collector - The Prepared Piano of John Cage*, [http://www.8ung.at/fzwmw/2003/2003\\_4.htm](http://www.8ung.at/fzwmw/2003/2003_4.htm) (Visitado en outubro do 2004).

 Archivo Pdf (403 KB)

## Yoko Ono: Obra para cinta magnetofónica (1963).

Obra movediza.

Grave nunha cinta o son das estrelas movéndose.

Non escoite a cinta.

Córtea en anacos e deallos á xente pola rúa.

Ou véndaa por un prezo moderado.

# Audición

---

 *Antes de facer click na audición asegúrate de ter parado o reproductor.*

## Sonata V das "Sonatas e Interludios".

Editado a partir da do *Grupo de traballo da CIUG para Historia da música* eliminando a repetición da 2ª sección.

 [Arquivo Mp3 \(700 KB\)](#)

 [Arquivo Ogg \(738 KB\)](#)

# Vídeos

---

 *Antes de facer click no vídeo asegúrate de ter parado o reproductor.*

## Preparando o piano para tocar "Sonatas e Interludios".

Nicasio Gradaille (preparador e intérprete) no Festival de primavera no Conservatorio Prof. de Vigo (marzo do 2004).

 [Arquivo Mpeg \(1'4 MB\)](#)

 [Arquivo RealPlayer \(144 KB\)](#)

## Cage tocando 4'33" na rúa no 1976.

Extracto do vídeo de Nam June Paik *Tribute to John Cage*.

 [Arquivo Mpeg \(1'2 MB\)](#)

 [Arquivo RealPlayer \(187 KB\)](#)

# Bibliografía

---

Aulestia, G.: *Técnicas compositivas del siglo XX (I)*, Madrid, Alpuerto, 1998.

Sadie, S. (Ed.): *The Grove Concise Dictionary of Music*, Londres, Macmillan Press Ltd.

Pérez, Mariano: *Diccionario de la música y los músicos*, Madrid, Ediciones Itsmo, 2000.

Morgan, R.: *La Música del Siglo XX*, Madrid, Akal, 1999.

Dupuy, Jean-Pierre: Prólogo para a edición da partitura de "Casa da parra".

Lovely Music Ltd. (Nova York): <http://www.lovely.com/bios/cage.html> (Visitado en outubro do 2004).

Solomon, L.: *4'33"* <http://music.research.home.att.net/4min33se.htm> (Visitado en outubro do 2004).

Grupo de traballo da CIUG para Historia da Música:  
<http://www.cesga.es/ciug/grupostraballo/musica/musica.html> (Visitado en xullo do 2004).

Pritchett, J.: <http://www.music.princeton.edu/~jwp/texts/sixviews.html> (Visitado en xullo do 2004).

***Para datos sobre as fontes das ilustracións, gravacións e outros recursos, consulta os apartados correspondentes.***

# Ligazóns

---

## *Cage e a súa obra:*

<http://home.flash.net/~jronsen/cagelinks.html> ***En Inglés***

<http://wings.buffalo.edu/epc/authors/cage/> ***En Inglés***

<http://www.uclm.es/artesonoro/olobo3/oloboport3.html>

## *O movemento Fluxus, perfomances e happenings:*

<http://www.santiagoapostol.net/revista03/vostell.html>

<http://www.alasbarricadas.org/ateneo/modules/wikimod/index.php?page=Fluxus>